NOVEMBRO
MES DA CIENCIA
EN GALEGO NAS
BIBLIOTECAS

Humanidades para a ciencia e a conciencia crítica

Jesús Ángel Sánchez García



Jesús Ángel Sánchez García é historiador da arte e investigador en historia da arquitectura e do urbanismo de Galicia. Catedrático de Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela, desde 2021 coordina o grupo de investigación IDEAHS.

«Coñecer o pasado a través da arte e do patrimonio histórico é tamén facer ciencia ao servizo do presente: revela quen somos, como construímos o territorio no que habitamos e como coidalo para vivir mellor.» -Podo axustar o rexistro (máis institucional, máis divulgativo ou máis reivindicativo)...

Pedinlle á Intelixencia Artificial que sintetizarase nunha frase as achegas da historia da arte para a sociedade de Galicia. O resultado demostra escasa profundidade. Aínda así, o certo é que estas ferramentas van progresando e sorprendendo, de maneira que a produción de textos e imaxes xerados por IA chegará algún día a superar todo o que gardamos desde a orixe da escritura e da fotografía.

Os historiadores da arte temos entre as nosas liñas de traballo preferentes o estudo das imaxes. Desde hai miles de anos os artistas crearon imaxes para satisfacer os gustos das elites, transmitir mensaxes sociais, demostrar talento ou provocar. Coa IA este poder de producir imaxes volveuse máis democrático ca nunca. E tamén formula novos retos. A cidadanía vese inmersa nun fluxo continuo de imaxes que saltaron das pantallas brancas ás pantallas negras para colonizar os espazos das nosas cidades. Ante o risco de ficar como suxeitos pasivos e consumidores dos contidos decididos por algoritmos, a historia da arte pode dar á cidadanía a capacidade de reflexionar sobre os significados, as intencións e as cualidades estéticas desta iconosfera. Como humanistas que combinamos unha formación especializada na cultura visual e material coa preparación para comprender os seus contextos, os historiadores da arte podemos proporcionar saberes e xerar reflexións de longo percorrido, un pensamento lento e demorado, cada vez máis necesario fronte ao consumo rápido a base de clics.

Os obxectos de estudo da historia da arte abranguen un apaixonante territorio da imaxinación e da creatividade estendido desde as obras de arte tradicionais ás novas propostas e linguaxes das artes contemporáneas, desde a música e o cinema até os novos formatos da cultura audiovisual. Para estudalos contamos con métodos propios e diferenciados, establecidos para comprender as complexidades da produción, circulación e recepción das obras de arte.

A historia da arte tamén está a integrar as novas ferramentas tecnolóxicas, pero non como simples instrumentos, senón como metodoloxías novidosas de interpretación e difusión de coñecemento. Existe unha Historia da Arte Dixital, e tamén outra IA que poderiamos chamar Intelixencia Artística, as dúas orientadas a crear os códigos conceptuais e operativos que posibilitan pasar da acumulación de datos á elaboración de coñecemento crítico e útil para a sociedade.

Con todo, os métodos e ferramentas dixitais non van condenar á desaparición os formatos físicos ou analóxicos. Os historiadores da arte traballamos nos arquivos e bibliotecas que desde hai séculos constitúen os nosos "laboratorios". Arquivos e bibliotecas almacenan as fontes documentais e repertorios de imaxes que precisamos, xunto co acceso ás pezas orixinais e aos sitios físicos do patrimonio. De feito outro interese do que facemos reside nos estudos para colaborar na conservación, restauración e interpretación do rico patrimonio de Galicia, desde as obras en museos e centros de arte contemporánea aos monumentos e cidades históricas.

Tamén quero lembrar que, xunto ás horas aproveitadas na pescuda de informacións, as bibliotecas foron e son espazos de desfrute e enriquecemento persoal. Sendo neno, esperaba o remate das clases dos venres para camiñar ata a antiga Biblioteca Pública da Coruña para coller os libros en préstamo que ía desfrutar toda a semana. Aquel neno que percorría a Cidade Vella cun volume de Emilio Salgari na man foi descubrindo, paso a paso, os segredos que ofrecía unha cidade histórica: lousas con inscricións borradas, escudos con sinais incomprensibles, efixies de pedra de ollos velados polo tempo, a porta entreaberta da Casa Cornide, galerías de brancas e repenicadas madeiras, un melancólico xardín arredor dunha tumba solitaria... Non o sabía daquela, pero as imaxes das arquitecturas históricas e do patrimonio urbano estaban alumeando unha escolla vital.

Dep. Legal: C1794-2026

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027